

ENTREVISTA A FRANCISCO DOS PINALES



Museo do Pobo Galego



Instituto de estudos das identidades

NOME DO DOCUMENTO:	MPG_CaRi_0001_001_en_0_00_01_D
AUDIO DE REFERENCIA:	MPG_CaRi_0001_001_en_0_00_01.mp3
TIPO DE DOCUMENTO:	Etnográfico xeral
MATERIAL DISPOÑIBLE:	Audio mp3 e transcripción.
DATA DE RECOLLIDA:	agosto, 1993
LOCALIZACIÓN:	
Lugar:	Cabo de Cruz
Parroquia:	Castro (Santa María)
Concello:	Boiro
Provincia:	A Coruña
País:	Galicia
INFORMANTE:	
Nome:	Outeiral Sieira, Francisco “dos Pinales”
Idade no momento da recollida:	-
Lugar e data de nacemento:	-
Ocupación:	Mariñeiro
RECOLLEDOR:	Antón Vidal
COMPILADOR:	Lino Lema
COLECCIÓN:	Fondos da Asociación Galega de Carpintería de Ribeira (AGALCARI)

PALABRAS CHAVE

Pesca , embarcacións tradicionais , Cabo de Cruz , Boiro , Rianxo , Pobra do Caramiñal , artes de pesca , conserveiras , salazón , carpintería de ribeira , bateas , gamela , Franquismo , Liberdade , Esperanza .

BIBLIOGRAFÍA CONSULTADA: VIDAL SÁNCHEZ, ANTÓN (2018): Embarcacións Tradicionais no Porto de Cabo da Cruz : Os barcos. Os mariñeiros. Os carpinteiros de Ribeira. Asociación Galega Carpintería de Ribeira.

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA E TRANSCRICIÓN: Isabel Vigo Rodríguez

TRANSCRICIÓN



Museo do Pobo Galego



Instituto de Estudos das Identidades

Francisco dos Pinales - E o caso é que sempre facían as dúas ... pero era era unha escota dura claro. A xente tiña que ir ca ... na cabeza a Boiro e polas portas. A vender.

Antón Vidal - Eso a maioría era case sempre andábase o peixe era a sardiña non?

F.- Xouba.

A.- Xouba e sardiña.

F.- Xouba si.

A.- E o...

F.- E máis trancho eh. E máis bocareu. Si houbo unha temporada de bocareu bastante grande. Eu a min en boa hora o diga eu non sei na costa igual cando andabamos na lancha e máis na dorna igual.

A.- Ca lancha a costa claro ibas a vela.

F.- Si pero eu quero dicir que... eu tuven moita suerte e nunca perdín unha peza. Perdemos unha vez levounos a sardiña unha vez a peza de rabo por ser un pouco goloso eh. Levounola case enteira eh. Non aguantou.

A.- Pero eso o xeito era ese tipo de pezas logo non? Ao xeito.

F.- Si.

A.- Pero daquela andaba moita xente na ría claro.

F.- Home claro era todo o Cabo da Cruz Escarabote e Puebla bueno da Puebla había pouco.

A.- Da xente que andaba no mar a maioría andaba ao xeito no...

F.- É.

A.- Ajá.

F.- E Rianxo.

A.- E outra arte coma os trasmallos xa...

F.- Xa andaba pouca xente.

A.- Pouca xente.

F.- Moi pouca xente. Aquí había dous trasmalleiros ou tres nada máis o Pajero e algún outro pero nada non...

A.- Porque nese tempo cando andabades todos así ao xeito á sardiña aínda non había barcos jarreteros non?

F.- Había coño.



A.- Ai xa había destes...?

F.- Si oh. Si home si. E máis había moita dinamita.

A.- A dinamita aínda...

F.- Traballo de moita dinamita home.

A.- O barco jarretero que me acordo eu claro é o de...

F.- Aquí era Chameira...

A.- O de Chameira.

F.- Antonio de Benito...

A.- Antonio de Benito

F.-...o pai de Ciclón e máis Angelito o Cabeco e máis outros máis que había había outros máis en compañía claro en compañía. Pero o máis eficaz que había aquí era Chameira e máis Antonio de Benito o pai de Ciclón. Eran os dous que estaban os dous máis nivelados. Máis Chameira porque tiña o barco máis grande. Ai alí despois tamén era a Uxía a Uxía os fillos da Uxía. Este sogro... o sogro deste rapaz que agora ten bateas que casou... que él é... él é dos de Romero dos Romeros que casou cunha filla de José da Uxía.

A.- Ah si os Adobenses non?

F.- Eso é. Sí.

A.- Eles bueno tiñan jarreteros non era ca lancha.

F.- Eles tiñan lancha.

A.- Tiveron lancha e despois jarretero.

F.- E despois jarreta porque casouse con esa tal con esa rapaza que tiña e ándalle ben. Vaille ben vaille bastante ben. Ós das bateas vaille ben.

A.- E daquela cando pescabades e así xa... a conserveira de Pita xa funcionaba?

F.- Mira a conserveira de Pita... a conserveira de Pita pois... xa hai anos coño. Xa hai anos. Xa debe haber eu que sei home...

A.- Hai bastantes pero foi primeiro a de Pita e despois a de Curbera non?

F.- Ai non non.

A.- Non? Primeiro a de Curbera?

F.- A de Curbera xa...

A.- Xa é moito máis antiga?



F.- É moi antiga. Antes era de Martínez xa. Xa foi de Martínez de Santa Eugenia.

A.- Ah bueno non empezou xa con Curbera se non que era...

F.- No.

A.- E despois vendeu este.

F.- Parécemo que era primeiro de Martínez.

A.- A min sóname algo tamén a min deso.

F.- Pois Curbera e agora e ese tal de aquel. Pero este tamén debe ser fino traballando eh.

A.- Quen? Alonso?

F.- Alonso debe ser un chaval fino.

A.- Si é bastante fino e bastante serio según parece.

F.- Paréceme que si.

A.- Si.

F.- Eu no conozo eh. Pero paréceme paréceme que puxo a andar a fábrica de... esa fábrica de aquí Curbera púxo a andar e todo moderno modernizou todo e...

A.- Porque a de Pita fíxose que era un... unha aquela de salazón non? Dos Carrerosa.

F.- Sí era dos Carrerosa.

A.- Pero xa non se traballaba o salazón cando se fixo a de Pita.

F.- No no.

A.- Xa hai moitísimos anos.

F.- Isto debe haber eu para min que debe haber vinte cinco anos.

A.- Que empezou Pita.

F.- De vinte a vinte cinco anos debe haber. Máis ou menos.

A.- Si debe haber. Que quizás aínda que podía ter eu tres ou catro anos acórdome de ir á Ribeira Grande e estar limpa non? (Risa)

F.- Si.

A.- E despois despois xa nunca máis se tuvo unha praia para se ir bañar.

F.- Pois e...

A.- Haberá eses anos que empezou si.



F.- Haberá haberá porque eu recordo recordo que eu un día fora pescar á de Vinte -unha pedra que está por fóra de todas- e tomara un marrajo un marrajo que pesaba vinte cinco ou trinta quilos. E estaba José o de Corniños estaba na boia dos Moscardiños e díxenlle eu: “*Pero mira teño aquí un peixe coño que eu non sei que clase de peixe é este*”; “*Coño este é un marrajo home. Este é un peixe dos mellores que hai coño para aí para a parte de levante coño que este é moi bo peixe home.*” E quitinlle a piel e máis quitinlle toda a cabeza e... a cabeza con moito corpo aínda. E me parece que pesou vinte quilos dispois de quitarlle a piel e poñelo a andar.

A.- Xa era un peixe grande non?

F.- E entonces fun xunto a... xunto a muller do Gordo que é o Bar...

A.- O do Codillo non?

F.- O do Codillo.

A.- Cando era alá ao lado na casa vella.

F.- E alí xa tiñan bar e entonces iban comer os obreros de Pita alí. Dez ou doce obreros de Pita. Estaban traballando na fábrica preparándoa. E díxenlle eu: “*Lola teño aí un peixe un peixe maravilloso eh. Un peixe bueno e tes aí eses homes para este en rodajas frito é unha marabilla e disque é o mellor peixe que hai na parte de levante para comer.*” E foino mirar. E dixo ela: “*Bueno e véndelo?*”; “*Pois si vendoo.*” A muller dicíame a min a finada da miña muller dicíame a min: “*Tira con eso home para que queres ese peixe*”; “*Bueno deixamo estar a min.*” E despois de listo veuno mirar e díxome ela: “*Pois lo canto queres?*” “*E logo ti canto me das?*” “*Mira eu douche...*” díxome ela “*...eu douche vinte e un pesos.*”

A.- Vinte un pesos.

F.- Si vinte e un peso. E díxenlle eu: “*Mira vinte e un peso eso non é pagar porque aquí hai moita carne aquí hai moita carne todo é carne. Hai que darme algo máis siquiera un par de pesos máis.*” “*Bueno pois xa está*”. Vinte e tres pesos. E levouno en vinte e tres pesos. E era de cando a fábrica de Pita estaban preparándoa as vigas e preparándolle o techo recórdoo ben. Pero debe haber xa uns vinte vinte e para vinte anos logo se marcha coño debe haber vinte anos ou vinte e pico eu non sei eu non...

A.- Por aí andar.

F.- Si.

A.- E logo Places o finado de Pepito Places cando... facía gamelas non? E fixo barcos tamén non?

F.- Si oh.

A.- A parte do deles.

F.- Si fixo barcos e bos barcos eh.

A.- Eso no Cabo da Cruz non?

F.- Si.

A.- Non traballaba no Chazo?



F.- Este non. Este traballou no Cabo da Cruz. E máis alá na Banda do Río.

A.- Ai na Banda do Río tamén facía embarcacións?

F.- Si alí tamén fixo un barco pa Uxía. E despois fíxoos aquí no galpón na casa.

A.- Na casa na casa que ten.

F.- Tiña un galpón. E despois foi cando fixeron os fillos metéronse neso. Pero... Pepito foi bo construtor oh. Foi bo construtor. E agora ten e agora eu pra min que válese ben home porque teñen de cinco catro ou cinco bateas eh. A traballar. Continuamente.

A.- Agora están máis ou menos ben home.

F.- Eu creo que si que están ben.

A.- Si si. Están ben.

F.- Catro ou cinco bateas claro que ten que pagar todo eh. Ten que pagar a quen llas traballa. Pero eu creo que está ben non?

A.- E aí o muelle que me contaron a min que un espigón do muelle do muelle vello de dentro disque foi feito no bueno xa hai moitos anos tamén no 1777. Porque primeiro fíxose un espigón e despois fíxose o outro. Primeiro o de poniente e despois o de levante. Pero e o muelle donde atracaba o Purro (?) aínda é moi novo non? Do ano 50 será?

F.- É oh.

A.- Ese é do 50.

F.- E pode ser do 50 si.

A.- Que según parece fíxose tamén en dúas fases.

F.- Si.

A.- Unha fase un ano e despois botaron case dous anos sen traballar nel e volveron a...

F.- Alí estragaron o sitio.

A.- Non e...

F.- Alí estragaron o sitio que non...

A.- Pero daquela había poucos barcos. Cando o fixeron. Chegaba suficiente para pero xa non xa non chegaría tampouco.

F.- Bueno barcos había poucos home. Que daquela daquela eu non sei pero bateas había poucas. Daquela bateas había poucas.

A.- Si no bateas no 50 que va no. Habería habería sete ou oito no Chazo e dúas ou tres en Barraña. Por aí habería.



F.- Deica pouco.

A.- E o vapor antes de ese muelle viña ao da Abelleira pero o de Abelleira nunca se atracou alí non?

F.- Eu atracaba na Abelleira pero con unha chalana.

A.- Si levaba a xente cunha chalana.

F.- É. Metía á xente alí cunha chalana. Despois atracaba aquí bastantes veces.

A.- Porque o muelle de Abelleira según parece fíxose para sacar pedra do que era do campo cando non había ningunha casa claro hai moitos anos.

F.- Seica foi pra...

A.- Para facer o muelle de aquí da Puebla.

F.- É para facer o muelle da Puebla. E quedou así quedou así malamente o muelle da Abelleira que non houbo despois quen quen mirara nada. Unha pedra encima de outra hasta non se podía andar.

A.- No eso non se podía andar. Despois ao facer o da banda de acá xa nada que alí tamén aínda era un bo sitio tamén que tiña bastante abrigo non? Ten bastante abrigo ten bastante abrigo facendo alí...

F.- Ten si.

(...)

A.- E unha anécdota que me contaron a min de cando foi inscribir a gamela que lle quería poñer Libertad. Quíxolle poñer Libertad daquela? E xa lle el tiña o nome.

F.- Ai verás. Estaba a Ayudantía da Puebla estaba acá contra os areos pero acá metida máis acá non?

A.- No areal.

F.- Máis alá máis alá máis acá non máis alá.

A.- Si si máis alá máis contra Cabío.

F.- Si e alí estaba a Ayudantía e fun facer a escritura. E bueno o ayudante díxome: “*Bueno que nombre lle vai a poñer?*” “*Libertad*” “*Ai eso no está permitido señor. No está permitido*”

A.- No está permitido (Risas)

F.- No.

A.- Era o ano 47 ou 48 non?

F.- Pois e... daquela daquela aínda podía moito a Falange coño. E entonces díxenlle eu: “*Pois bueno si non se pode poñer ese nome pónalle usted o que vexa.*” Dixo el: “*No no no pónalle usted o que usted crea conveniente.*” Díxenlle eu: “*Bueno pois pónalle Esperanza.*”



A.- (Risas) Póñalle Esperanza logo.

F.- E Esperanza lle quedou.

A.- Ah moi ben.

F.- Si home. Pero tuvo suerte no que cabe tuvo suerte. Para andar aos peixes tuvo suerte pero moita suerte eh.

A.- Foi boa embarcación.

F.- Tuvo moita suerte.

(Risas)

F.- A primeira vez que veu un chaval connigo era o fillo de Juan de Juan o Segadero un que está casado aquí en Boiro pero xa ten unha filla casada me parece eh.

A.- Si Jesús. Jesús non o irmán de Jesús.

F.- Chámanlle Juanito.

A.- Chámanlle Juanito tamén si. Juanito Brión.

F.- E bueno a primeira semana a primeira semana. Que daquela ganando mil pesetas á semana xa era un sueldo... moi bonito eh.

A.- Xa se ganaba.

F.- E aquel tiveramos boa semana e ganabamos a cada mil mil trescentas e pico de pesetas. E Vicente o de Muíña entonces viña viña a unha taberna alí cerca da vosa casa.

A.- Si no que agora é a panadería.

F.- Sí. E díxenlle eu ao rapaz: “*Mira vai buscar alí un pouco...*”-unha bebida desta das mulleres home- “*...Jerez. E máis trae unhas galletiñas.*” E veu e comemos catro galletas e bebemos cadansúas copas. E bueno acabamos e: “*Esto é o que che toca a ti chaval*”. E mirou para min e díxome el: “Usted está enganado sr. Francisco.”; “Estou enganado? E logo por que?”; “Está enganado eh. Porque non botou ben as contas.” Dixenlle eu: “Engañado? Pero vamos a ver home ti...” -el era un chavaliño aínda- “...eu e máis ti ganamos igual e a embarcación gana igual coma nós. Así que non me podo enganar. Esto é o que che toca a ti. Por que me dis que estou enganado?”; “Pois mire hombre voulo a decir oh. Porque anduven toda a cosecha con un home un patrón e non ganín en toda a cosecha tanto como me dou usted aquí agora.”

(Risas)

F.- E sabes o que me dixo despois súa nai? Chamoume ela vivía no campo aínda eh. Que non vivían onde está agora. Chamoume e díxome: “*Mira tes tripulante para toda esta cosecha porque o meu home estame dicindo que leve ao rapaz que o leve para o para a carpintería pero de momento quen manda no rapaz son eu e tes tripulante para toda a cosecha.*” Pois todas as semanas mil mil duascenas mil trescentas... e hasta tuvemos de mil quinientas algunha semana. E o chaval encantado o chaval encantado.